



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Anuncio da resolución pola que se eleva a definitiva a proposta do tribunal cualificador do proceso selectivo de técnico/a de administración xeral

ANUNCIO:

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA.

Por resolución núm. 1357 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior, de data 19 de xullo de 2023 resolveuse o seguinte:

“**Primeiro.-** Elevar a definitiva a proposta do tribunal cualificador de data 18 de xullo de 2023 (código documento UPO17I01HL), de acordo co seguinte detalle:

DNI	Apelidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	TOTAL
844	Fernández Armesto, Miguel Santiago	13,10	6,5	6,25	25,85

- Propoñer o nomeamento para a praza de técnico de administración xeral, subescala técnica, funcionario de carreira (A1) de don Miguel Santiago Fernández Armesto.

Segundo.- Requirir a Miguel Santiago Fernández Armesto para que no prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte á publicación do anuncio desta resolución no Boletín Oficial da Provincia presente a documentación requirida na base 9.1 das Bases xerais para a selección de persoal funcionario de carreira e de persoal laboral fixo (BOP núm. 65 do 5 de abril de 2017).

Terceiro.- De acordo co disposto na base sétima das bases da convocatoria do proceso selectivo, publicar esta resolución no Boletín Oficial da provincia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Culleredo, 19 de xullo de 2023

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm. 1260/2023; do 04.07.2023 (BOP núm. 131, do 11.07.2023)